



FACULTADE DE FILOLOXÍA  
Grao en Lingua e Literatura Galegas

**TRABALLO DE FIN DE GRAO**

**O PROCESO DE INDIVIDUALIZACIÓN DO ROMANCE GALEGO FRONTE  
AO LATÍN VULGAR GALAICO E AOS ROMANCES VECIÑOS**

**Rosalía Sambade Vázquez**

**Titor: Ramón Mariño Paz**

**Curso 2021/2022**

**FACULTADE DE FILOLOXÍA**

**Grao en Lingua e Literatura Galegas**

**TRABALLO DE FIN DE GRAO**

**O PROCESO DE INDIVIDUALIZACIÓN DO ROMANCE GALEGO FRONTE  
AO LATÍN VULGAR GALAICO E AOS ROMANCES VECIÑOS**

**Rosalía Sambade Vázquez**

**Titor: Ramón Mariño Paz**

**Curso 2021/2022**



**Formulario de delimitación do título e resumo**  
Traballo de Fin de Grao curso 2021/2022

|                                   |  |
|-----------------------------------|--|
| APELIDOS E NOME:                  | Sambade Vázquez, Rosalía                 |
| GRAO EN:                          | Lingua e literatura galegas              |
| (NO CASO DE MODERNAS) MENCIÓN EN: |  |
| TITOR/A:                          | Ramón Mariño Paz                         |
| LIÑA TEMÁTICA ASIGNADA:           | Historia da lingua e gramática histórica |

SOLICITO a aprobación do seguinte título e resumo:

|   |
|---|
| <p><b>Título:</b> O proceso de individualización do romance galego fronte ao latín vulgar galaico e aos romances veciños</p>  |
| <p><b>Resumo</b> [na lingua en que se vai redacta-lo TFG; entre 1000 e 2000 caracteres]:</p> <p>En primeiro lugar, introducirase o concepto de lingua e a problemática que se produce arredor da súa delimitación. Desta maneira, presentarase o contexto de diversidade lingüística como un <i>continuum</i> en que os factores que permiten o seu acoutamento son maioritariamente extralingüísticos. Polo tanto, empregarase como criterio principal de diferenciación a conciencia metalingüística.</p> <p>A continuación, realizarase unha pequena descrición do proceso de latinización na Gallaecia e unha presentación da evolución da situación sociolingüística, que pasa dun contexto de endodiglosia funcional (latín vulgar fronte a latín culto) a un contexto de exodiglosia funcional (romance galego fronte a latín culto). A conciencia sobre esta situación acentúase grazas ao proceso de descentralización do latín culto literario que permite o Concilio de Tours e o Concilio de Burgos.</p> <p>Posteriormente, presentarase <i>grosso modo</i> os trazos definitorios do romance galego fronte a outras variedades ou romances derivados do latín e o seu proceso de diferenciación con respecto a elas. Esta separación, ademais de pola diferenza dos trazos lingüísticos, prodúcese sobre todo grazas á conciencia metalingüística, que se analizará por medio dunha serie de textos.</p> |

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2021.

|   |  |  |
|---|--|--|
| <p>Sinatura do/a interesado/a</p>  | <p>Visto e prace (sinatura do/a titor/a)</p> <p>MARIÑO<br/>PAZ RAMON<br/>- 33250540S</p> <p>Firmado digitalmente<br/>por MARIÑO PAZ<br/>RAMON - 33250540S<br/>Fecha: 2021.11.04<br/>09:20:24 +01'00'</p> | <p>Aprobado pola Comisión do Traballo<br/>de Fin de Grao coa data</p> <p>15 NOV. 2021</p> <p>Selo da Facultade de Filoloxía</p>  |
|---|--|--|

SRA. PRESIDENTA DA COMISIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Título:**

O proceso de individualización do romance galego fronte ao latín vulgar galaico e aos romances veciños

El proceso de individualización del romance gallego frente al latín vulgar galaico y a los romances vecinos

The process of individualization of Galician romance versus Galician vulgar latin and neighboring romances

**Resumo:** En primeiro lugar, introducirase o concepto de lingua e a problemática que se produce arredor da súa delimitación. Desta maneira, presentarase o contexto de diversidade lingüística como un *continuum* en que os factores que permiten o seu acoutamento son maioritariamente extralingüísticos. Polo tanto, empregarase como criterio principal de diferenciación a conciencia metalingüística.

A continuación, realizarase unha pequena descrición do proceso de latinización de Gallaecia e unha presentación da evolución da situación sociolingüística, que pasa dun contexto de endodiglosia funcional (latín vulgar fronte a latín culto) a un contexto de exodiglosia funcional (romance galego fronte a latín culto). A conciencia sobre esta situación acentúase grazas ao proceso de descentralización do latín culto literario que permite o Concilio de Tours e o Concilio de Burgos.

Posteriormente, presentaranse *grosso modo* os trazos definatorios do romance galego fronte a outras variedades ou romances derivados do latín e o seu proceso de diferenciación con respecto a elas. Esta separación, ademais de pola diferenza dos trazos lingüísticos, prodúcese sobre todo grazas á conciencia metalingüística, que se analizará por medio dunha serie de textos.

**Palabras clave:** *continuum lingüístico*, latín vulgar galaico, romance galego, conciencia lingüística..

**Declaración de orixinalidade**

Rosalía Sambade Vázquez, con DNI (NIE ou pasaporte) 46292631W , declaro que o presente Traballo de Fin de Grao é orixinal, pois non se empregou unha fonte sen ser citada debidamente.

# ÍNDICE

|                                     |    |
|-------------------------------------|----|
| Introdución                         | 6  |
| A latinización de Gallaecia         | 11 |
| Latín vulgar e latín clásico        | 17 |
| Latín vulgar tardío e protorromance | 21 |
| Reforma carolinxia                  | 23 |
| A emerxencia dos romances           | 26 |
| Romance galego                      | 29 |
| Conclusións                         | 37 |
| Bibliografía                        | 40 |

## 1. Introducción

As linguas non son sistemas pechados e illados, obxectos científicos ben diferenciados, o que permitiría unha identificación e individualización sinxela, senón que son unha noción culturalmente dependente na que entran distintos factores en xogo. En moitas ocasións considerouse a intercomprensión como un elemento central para a distinción nun *continuum* lingüístico, mais este elemento non ten en conta outros axentes, pois moitas veces as decisións e os movementos políticos poden crear distincións entre linguas de comunidades que se entenden. Mesmo Fishman (1967:33) sostén que é o consenso social, máis ca os trazos lingüísticos inherentes, o que diferencia estes sistemas. Neste senso, Monteagudo (2017:25) afirma que a lingua constitúe un elemento central da cultura da comunidade e o grao de atención que concita e a maneira como é contemplada —conceptualizada e percibida, pola propia comunidade e mais por outras— é o que se chama conciencia lingüística, unha ferramenta empregada pola sociolingüística para a diferenciación entre linguas dentro dun *continuum* lingüístico. Esta conciencia está vinculada coa función expresiva e fática da lingua, que permite construír identidades persoais e colectivas. Neste senso, Coseriu (1981:302) fala de lingua histórica como unha entidade “que se ha constituido históricamente como unidad ideal e identificada como tal por sus propios hablantes y por los hablantes de otras lenguas”. Na mesma liña, Silva (1998:327) considera que “non é o grao de diverxencia interna entre as variedades, senón a vontade dos falantes, o que fai agromar diasistemas distintos” e ao analizar o caso concreto do galego considera:

O nacemento dunha comunidade lingüística e cultural, neste caso a galega, queda ligado non tanto á existencia dun número amplo ou reducido de peculiaridades diferenciais con respecto ós seus lindeiros inmediatos, senón máis ben á conciencia, por parte dos membros da mesma, dos seus propios trazos particularizantes, e á expresión desta conciencia mediante un signo lingüístico diferenciado, un nome (Silva 1998: 327).

Neste eido, un elemento que permite construír esta conciencia lingüística é a división territorial e a conformación de fronteiras políticas, vinculada, a partir do século XIX, co concepto de nación. Desta maneira, existen modelos lingüísticos como o napoleónico ou o herdeniano que vinculan os conceptos lingua, nación e estado. Neste sentido, coa relación nación-lingua e visión da lingua como elemento identitario e diferenciado das variedades que forman parte dese *continuum*, entra a idea de normativización, a construción dunha variedade estándar que sirva como modelo de expresión. Kloss (1967) diferencia entre linguas por distancia (*Abstand*), que se individualizan porque están xenética e estruturalmente afastadas das demais, e linguas por elaboración (*Ausbau*), sistemas que experimentaron un cultivo e

elaboración autónomos. Dende unha perspectiva relativista, considérase que estes dous conceptos están en relación dialéctica, pois a elaboración lingüística e a conformación dun estándar permiten incrementar ou diminuír a distancia dunha lingua con respecto a outras coas que conforma un *continuum* lingüístico.

Polo tanto, a lingua é unha institución sociocultural: a súa identificación como sistema autónomo non se produce soamente como consecuencia da existencia dunha serie de trazos lingüísticos diferenciais, senón como resultado dunha serie de procesos culturais, políticos e económicos que fan agromar unha conciencia lingüística de que un sistema se distingue dos demais e permiten desenvolver para el os procesos de normativización e ampliación funcional.

Adentrándonos xa no contexto no que se desenvolve o proceso de lingüificación dos romances peninsulares, en particular do romance galego, non podemos falar de que existira durante a Idade Media unha identificación nacional, polo que os modelos de análise sincrónica non terán valor. Neste período as identidades estaban baseadas na relixión, non nas fronteiras políticas, moi difusas como consecuencia das estreitas relacións familiares entre os monarcas dos distintos reinos peninsulares. Do mesmo xeito, segundo Monteagudo (2017: 84), “o romance era percibido como unha entidade lingüística difusa, no seo do cal a duras penas se distinguían fronteiras que permitisen enxergar subunidades nidiamente definidas, xa que as variacións entre as falas duns territorios e os contiguos eran progresivas e apenas perceptibles, sen que existisen modalidades de referencia que fixasen e agrupasen os trazos distintivos”. Véxase por exemplo a denominación de *lingua yspanica* do *Liber Sancti Jacobi* (s.XII) ou a de *lyngoájee de España* dos *Miragres de Santiago* (s.XIV-XV). Esta “visión unitarista do romance ou lingua vulgar de España foi durante séculos perfectamente compatible co recoñecemento da existencia de modalidades xeograficamente circunscritas” (Mariño e Varela 2010:68). Así, explican estes autores que durante moito tempo tivo máis importancia na conciencia metalingüística a distinción entre latín e romance que a diferenciación entre distintas variedades diatópicas do romance (Mariño e Varela 2010:71). Porén, este *continuum* soamente se conservou nos territorios setentrionais da península tras o proceso denominado *Reconquista*, pois nestas áreas non se produciron grandes movementos de poboación foránea, que si darían lugar a procesos de mestura e dialectalización nas zonas meridionais.

Esta identidade difusa, xunto coa variabilidade interna dos romances e a escasa documentación que conservamos na actualidade, dificultan o estudo deste proceso de diferenciación do latín fronte aos romances peninsulares. Ademais, cabe destacar que algúns destes testemuños que se conservan manifestan unha continuidade lingüística e uniformidade idiomática que non se corresponde coa realidade, enmascaran a variabilidade e inestabilidade da fala. Non obstante, aínda que resulta complexo describir este proceso de individualización do romance galego, proporase unha división en fases.

En primeiro lugar, nunha primeira etapa, que perduraría ata finais do século XI na Península e ata o século IX na Francia carolinxia, atopamos unha situación de endodiglosia funcional na que dúas variedades pertencentes á mesma lingua xogan papeis distintos. Fronte ao latín clásico, homoxéneo e que cumpría as funcións formais, foi madurando un latín vulgar heteroxéneo, que ía incorporando tendencias dialectalizantes que funcionarían como xermolo das futuras linguas románicas. Aínda que a distancia entre ambas variedades xa se consideraba notable, reaxustouse a pronuncia na lectura do latín clásico á das falas vernáculas. Isto provocou que houbera unha intercomprensión entre ambas variedades e se concibisen como variantes dun único sistema. Así, os vestixios nos textos das peculiaridades léxicas e morfosintácticas das variedades orais eran considerados como marcas de estilo. Explica Herman (1996:37):

Written texts, when read or listened to, were considered to be normally and usually understood by a large popular public, even unschooled or totally illiterate, on condition that authors and orators conformed to some seemingly obvious limitations: the texts had to be 'simple', without long and complicated periods, without neologisms or new foreign words, and, when said or read aloud, this had to be done without undue speed, with clear and distinct pronunciation. This means that the essential unity of Latin as a language was not questioned.

Fronte a esta lectura logográfica ou silábica que na Península Ibérica perdurou ata finais do século XI, na Francia de Carlos Magno introduciuse entre o VIII e o IX unha reforma dos estudos de latín conducida por Alcuíno de York que supuxo o inicio da lectura fonémica, cunha correspondencia estrita entre fonema e grafema. Neste marco, no Concilio de Tours de 813 decidiuse que, aínda que os textos das homilías estivesen redactados en latín e fosen os revisados e aprobados polas autoridades eclesiásticas, non se lles lesen aos fieis coa nova pronunciación reformada, senón en *rusticam Romanam linguam aut in Theotiscam*, para que os iletrados puidesen entendelas. Na Península Ibérica a implantación do latín reformado recibiu un forte impulso co Concilio de Burgos de 1080, no que se ordenou a

substitución do antigo rito litúrxico visigótico polo romano, o que obrigaría a adoptar nos oficios a pronuncia reformada que en Francia estaba instaurada desde moito antes. Este novo modelo aprobado nestes concilios, que buscaban a elevación lingüístico-cultural do clero, fai agromar a consciencia do romance como lingua autónoma, polo que poderíamos falar dunha segunda fase. Explica Wright (1989:12):

La pronunciación es el punto clave en este caso. Solamente cuando empieza a usarse deliberadamente una norma de pronunciación “latina” arcaizante en una comunidad romance, empieza a prepararse el terreno para una distinción conceptual completa entre dos lenguas separadas, en lugar de la colección preexistente de varios estilos que se da normalmente en una lengua.

Esta estandarización, que desembocou nunha pronuncia máis arcaica do latín clásico, xa non permitía a comprensión dos textos por parte dos iletrados. Desta maneira, atopamos dúas pronunciacións da lingua e dous tipos de textos escritos, uns nun latín uniforme e outros, destinados á produción oral (xuramentos, cancións, sermóns), escritos dun xeito máis experimental e semifonético que permitía que fosen comprendidos polos fieis analfabetos (Wright 1989:195). Este novo método de lectoescritura, xunto cunha “serie de evolucións lingüísticas que incrementaron significativamente a distancia interlingüística dos falares neolatinos entre si e respecto a súa matriz latina” (Monteagudo 2017:109), provocou que houbera unha nova concepción respecto á lingua literaria latina que permitiu “que se tomase conciencia da alteridade da lingua falada romance” (Monteagudo 2017:109).

Polo tanto, esta distinción ten como un dos principais factores a planificación lingüística da variedade formal do latín. Así, dependendo da pronuncia que se facía do latín clásico e, consecuentemente, da intercomprensión que se producía entre as variedades vernáculas e as altas, diferenciamos entre un contexto de endodiglosia funcional ou de variación diafásica na mesma lingua, fronte a unha situación de exodiglosia funcional. Podemos ver entón que a diferenza da pronuncia e a posterior grafización da fala vulgar, que se desenvolve no contexto galego a partir de finais do século XII, ten un impacto na conciencia metalingüística.

Nunha terceira fase, que ten lugar a partir do século XIII, vemos unha maior diferenciación entre romance e latín. A adopción dunha nova forma de pronunciación de textos escritos en latín e, como consecuencia, o desenvolvemento dun novo sistema de escritura que permitise representar as linguas vernáculas, fixo que a poboación fose consciente da existencia de dúas linguas separadas. Conforme ían xurdindo e consolidándose

tradións escritas, representacións autónomas cunha certa estabilidade gramatical, produciuse unha diversificación estilística que permitiu un aumento no rango de funcións. Deste xeito, esta situación de diferenciación está fomentada fundamentalmente pola emerxencia dunha escrita do idioma vulgar que cada vez acadaba un maior número de funcións e se emprega en máis situacións comunicativas. Arredor destas tradicións escritas foron callando agrupamentos lingüísticos máis ou menos recoñecibles. Polo tanto, o recoñecemento dos romances como linguas distintas do latín “está vencellado coa estabilización dun sistema gráfico autónomo cada vez máis empregado” (Monteagudo 2017:117). Do mesmo xeito, os factores que influíron na formación e distinción entre distintos romances tamén están vinculados co desenvolvemento dunha representación escrita propia. Explica Wright (1993: 617) que un dos elementos principais na diferenciación entre romances é a normativización:

La identificación de lenguas distintas suele acompañar, e incluso llegar después, de las decisiones oficiales de reforma ortográfica. Cuántas ortografías oficiales, cuántas lenguas diversas se creen existir. Eso es, la idea de que el castellano y el gallego y el aragonés (etc.) hayan sido idiomas distintos venía catalizada por las ortografías nuevamente elaboradas de ese siglo trece. Antes no se encuentra tal conciencia de distinción entre lenguas diversas.

A distinta normativización dos romances ten como motivo principal un conxunto de factores políticos, mais tamén hai que ter en conta neste proceso de formación dos diversos romances ibéricos outros elementos. Segundo Mariño (1998:74), estas circunstancias serían o tipo de latinización experimentado en cada zona, a acción dos substratos preindoeuropeos e indoeuropeos e dos superestratos xermánicos e árabe, as consecuencias territoriais, políticas e lingüísticas da Reconquista e, por último, a expansión do castelán pola Península como consecuencia do dominio político da Coroa de Castela. Con todo, non podemos falar de unidades lingüísticas independentes, senón dun *continuum* onde se van discernindo distintos sistemas lingüísticos vencellados.

Aínda que se tentou establecer unha cronoloxía diferenciada neste proceso de individualización e lingüificación dos romances, debemos ter en conta que esta distinción foi gradual. Explica Gimeno Menéndez (2004: 205):

Al igual que la diferenciación geolectal, el auténtico proceso de formación de las lenguas románicas sería objetivamente gradual y acumulativo (aunque subjetivamente no lo sería), y nunca debemos suponer un hablante último de latín medieval ni un hablante primero de cualquier variedad románica (...). Las variedades históricas del latín pueden ordenarse a lo largo de un continuo temporal, a modo de una cadena en la que cada par de variedades

adyacentes son mutuamente inteligibles, aunque no lo sean los extremos opuestos de esa cadena.

En resumo, este proceso de diferenciación dos romances e conformación de espazos lingüísticos diferenciados produciuse como consecuencia da creación dun estándar latino diverxente das variedades vernáculas e da conformación dunha representación escrita romance autónoma gramaticalmente estable que permitiu a diversificación estilística e o aumento de funcións. Este proceso de lingüificación culminou coa expresión dunha conciencia lingüística que concibía estes dous sistemas como distintos mediante a asignación dun signo diferenciado, dun nome. No momento no que se asigna un nome, “the subject must have a capacity to distinguish the object of his judgment from all other things” (Lloyd 1996: 10).

## **2. A latinización de Gallaecia**

A latinización dos pobos galaicos debe entenderse como un proceso de substitución lingüística no cal o latín foi conformándose paulatinamente como a lingua habitual da poboación durante o período de asentamento do pobo romano no territorio que eles chamaron *Gallaecia*. Como consecuencia deste lento proceso de romanización que caracteriza a colonización deste espazo xeográfico, mantivéronse vestixios das linguas faladas antes da chegada dos romanos. Se concibimos os adstratos como as linguas que comparten un espazo histórico, poderíamos chamar a estes restos substrato. Nun primeiro momento prodúcese unha situación de convivencia lingüística, que remata cun paulatino proceso de substitución.

Antes da conquista romana, o territorio do noroeste da Península Ibérica era habitado polos *gallaeci*, que coñecemos grazas á conservación de restos arqueolóxicos. Aínda que carecemos de testemuños escritos, temos constancia de que formaban unha unidade cultural, que se mantivo, en parte, grazas á súa condición xeográfica relativamente illada, que permitiu que non entrasen en contacto intenso con pobos mediterráneos como os fenicios e os gregos, que chegaron á Península dende o Levante.

A pesar de que non dispoñemos da información suficiente, podemos facer unha serie de conxecturas respecto da súa condición étnica e lingüística. Así, explican Echenique Elizondo e Sánchez Méndez (2005: 421), “los distintos restos culturales encontrados y estudiados por la arqueología muestran (...) distintas procedencias o sustratos polirraciales”. Desta maneira, diferenciamos un substrato preindoeuropeo e outro indoeuropeo. Esta

distinción entre as linguas chamadas paleohispánicas permite saber o nivel de interferencia e o grao de adaptación entre as linguas. Deste xeito, os compoñentes indoeuropeos, procedentes dun sistema xeneticamente similar ao do latín, exercerán unha maior influencia na variedade vernácula tras a romanización, como se verá no caso dos vestixios célticos. Dentro da capa non indoeuropea, discernimos os compoñentes vascos, hispano-vascos e hispano-caucásicos, que chegaron pola liña dos Pireneos a través dos pobos do Cáucaso e dos que conservamos palabras como *queiroga* ou *mata* e os elementos provenientes das civilizacións tartésicas e ibéricas, que se asentaron nas costas levantinas e meridionais. Por outro lado, dentro da capa de poboación indoeuropea, distinguimos poboación non céltica e céltica, que se asentou no noroeste peninsular en dúas migracións, unha no 800 a.C e outra arredor dos 400 a.C. Aínda que a importancia deste substrato celta sempre foi sobrevalorada, si que deixou certas marcas que influenciaron o latín vulgar posterior tanto no léxico, no que atopamos termos como *beizo* ou *broa*, como na toponimia. Ademais, a lingüística histórica románica do século XX atribuíu a este substrato, non sen polémica, diferentes cambios fonéticos como a lenición ou sonorización das consoantes xordas intervocálicas (RŌTA > *roda*, AMĪCU > *amigo*) e a evolución do grupo latino /kt/ a /it/ ou /tʃ/ (NOCTE > *noite*; FACTU > *feito*). Tamén se pensa que a palatalización dos grupos consonánticos latinos iniciais PL-, CL-, FL-, con distintos resultados ao longo da península –na variedade galaica /tʃ/, que evoluciona en portugués como /ʃ/– e a perda de -L- e -N- intervocálicos son consecuencia da relaxación consonántica favorecida por este substrato céltico.

A segunda guerra púnica, que se produciu entre o 218 e o 201 a.C, supuxo o comezo da conquista romana e o lento proceso de romanización da Península Ibérica. Como explica Lleal (1990:31), nun primeiro momento Roma non se propuxo a incorporación de Hispania, senón unicamente a redución do poder cartaxinés e o aproveitamento dos recursos materiais hispanos. Porén, o triunfo do ideario expansionista no senado romano fixo que se improvisase unha política de anexión. Desta maneira, os colonizadores romanos chegan ao noroeste ibérico no ano 139 a.C. coa incursión de Quinto Servilio Cepión. Posteriormente, entre o ano 138 e 137 a.C., Décimo Xunio Bruto percorre este territorio nunha campaña militar. Sábese que chegan a pasar o río Limia e incluso o Miño, mais non se coñece con claridade cal foi o punto de chegada. A partir do primeiro pobo que atoparon nestas terras, *callaici*, estenden este nome a toda esta zona noroeste da Península. Nos anos 61 e 60 a.C., coas campañas de Xulio César, chegan ao porto de *Brigantium* e promoven a baixada dos pobos indíxenas ás chairas, o que permitiu un mellor control por parte dos romanos. Esta campaña militar de

colonización remata baixo o mando de Octavio Augusto entre o 29 e o 19 a.C. Desta maneira, a partir do século I e II d.C deshábanse os castros e confórmanse asentamentos en novos núcleos, o que permite que esta poboación se estableza baixo a administración romana. A pesar desta disgregación da poboación castrexa, a división establecida polos romanos estaba vinculada coas relacións étnicas que esta mantiña. Recoñeceuse *Gallaecia* como unha entidade territorial propia diferenciada. Así, no ano 27 a.C., Augusto divide a Península entre a Hispania Ulterior, conformada pola *Bética* e a *Lusitania*, e a Hispania Citerior, integrada por *Gallaecia*, *Asturica* e *Tarraconense*. Posteriormente, na época de Vespasiano, a división e organización administrativa do noroeste estableceuse tendo en conta tres conventos xurídicos na *Gallaecia*, coas súas respectivas capitais: *Bracara Augusta*, *Lucus Augusti* e *Asturica Augusta*. Finalmente, nos anos 284 e 288 d.C, o emperador Diocleciano organizou Hispania en provincias, unha delas *Gallaecia*, con capital en *Bracara Augusta*. Aínda que non coñecemos os límites xeográficos desta demarcación, podemos considerar o Sella como unha fronteira tanto étnica como lingüística, pois polo seu curso discorre a isoglosa que separa as terras que mantiveron o F- inicial latino (ao oeste) das que non o fixeron (ao leste) (*faba/haba*). Deste xeito, como analiza Díaz y Díaz (1993: 405), “hacia el año 100 la implantación romana es total, tanto en aspectos militares, como económicos, industriales e incluso religiosos”.

Polo tanto, o complexo sistema administrativo e a progresiva urbanización, ademais do control militar, son tres dos puntos clave da romanización no noroeste peninsular. Porén, debemos entender que este proceso “no se produjo súbitamente ni de manera uniforme” (Lleal 1990:33), senón que foi unha progresiva integración da poboación castrexa na administración e cultura romanas. Será por isto polo que teñamos que ter en conta os factores diatópico, social e cronolóxico para analizarmos a latinización e romanización nas zonas do noroeste. Producíase unha maior integración cultural e administrativa nas clases sociais indíxenas altas, que pretendían manter os seus privilexios e puideron acceder á escolarización. Pola contra, os pobos menos desenvolto, apegados á vida tradicional, como é o caso do da *Gallaecia*, onde “podemos presumir que existía una organización más igualitaria” (Echenique Elizondo e Sánchez Méndez 2005: 117), mostráronse máis remisos á asimilación. Así, explica Lleal (1990:35), “en el centro, oeste y norte de la península (...) se conservaban las estructuras organizativas indígenas, con pervivencia del sistema onomástico prerromano hasta bien entrado el siglo III”.

Doutra banda, para analizar a romanización e a latinización singular na zona de *Gallaecia* debemos ter en conta outros compoñentes. Na Península distínguense dúas correntes colonizadoras, unha que segue o curso do Ebro, que continúa cara ao norte e que percorre a cornixa cantábrica, e outra, a corrente Bética, que pasa por *Lusitania* e que se une á romanización levada a cabo no interior. Isto é o que explica, segundo Echenique Elizondo e Sánchez Méndez (2005:121), a vinculación do léxico do galego e do portugués coa zona vasca, así como a conexión entre o léxico procedente da zona pirenaica co galego. Ademais, o noroeste peninsular é a última rexión hispánica conquistada. A romanización en Hispania comeza con Escipión coa súa entrada en Ampurias no 218 a.C. e a finais do século II a.C xa estaba sometida toda a Península menos o norte. Fronte a isto, como xa se explicou, os territorios do noroeste foron sometidos baixo o mando militar de Augusto no 19 a.C. Esta tardía e lenta romanización permitiu que a cultura, a lingua e a administración indíxenas perdurasen máis tempo que noutras zonas. Ademais, afirman Echenique Elizondo e Sánchez Méndez (2005:425), “su situación geográfica extrema, su especial configuración orográfica y la existencia de escasos núcleos urbanos en época imperial explican que en cierta medida la *Gallaecia* estuviera algo al margen de la romanización que, a pesar de las rutas que pasaban a través de Astorga y *Bracara Augusta* (Braga), se limitó durante mucho tiempo a una superestructura político-económica”.

Alén disto, o feito de que fose un dos últimos territorios por dominar explica que o latín que se estende por el estea xa dialectalizado, pois chega procedente da Bética, unha das zonas máis intensamente romanizadas da Península. Esta variedade do latín é moito máis culta e pura –polo tanto, arcaica–, debido ao nivel social e cultural da rexión, que o da corrente tarraconense, máis influído polas variedades romanas galas e provintianas como consecuencia do seu contacto con estes territorios. Este conservadorismo tamén se viu favorecido e intensificado pola situación xeográfica illada de *Gallaecia*. Isto permitiu, segundo Echenique Elizondo e Sánchez Méndez (2005:428), que a variedade galaica do latín fose allea “a los cambios que operaban en el latín de las regiones más centrales y las más comunicadas de la Península”, o que favoreceu que a súa configuración acabara sendo máis arcaizante, e que acabase coñecendo “innovaciones propias de las que no participaron el resto de zonas peninsulares”. Ademais, o feito de que a romanización fose lenta permitiu que as linguas de substrato perdurasen moito tempo e que, por tanto, entrasen en actuación substratos prerromanos que, segundo algúns, puideron propiciar a palatalización de grupos consonánticos homosilábicos ou a síncope de /l/ e /n/ intervocálicos.

Todo isto leva a pensar que a introdución do latín se fixo de maneira progresiva. Ademais, non por coerción directa por parte dos colonizadores romanos, senón que as sociedades se organizaron administrativamente para que o emprego do latín fose requirido en todas as relacións oficiais polo que, a longo prazo, impúxose a necesidade de coñecelo e dominalo para satisfacer as necesidades básicas da subsistencia ou, cando fose posible, para conseguir unha mellora de status. Será por estes medios polos que Díaz y Díaz (1993:409) afirme:

La población occidental, en el curso de unos dos siglos, no solamente por diversos caminos se incorporó a las tareas y vida del imperio romano, sino que convirtió la lengua de los conquistadores en su vehículo lingüístico cotidiano. Y hay que subrayar cotidiano, porque por este tiempo, en el siglo I d.C. frente a lo que sucedía en otras regiones, incluso en tiempos algo posteriores, creo que o no existía en absoluto el bilingüismo, o en todo caso estaba en trance de ceder completamente ante el hecho latino. Bastan a probarlo dos hechos que se corresponden entre sí: uno, la carencia total de recuerdos de utilización de las lenguas o dialectos prerromanos (...) y dos, el hecho de que el vocabulario latino con su morfosintaxis y estructura profunda hayan sido aceptados y utilizados por estas poblaciones galaicas.

Aínda que neste texto o autor defende que a latinización foi temperá e se abandonaron precozmente as linguas prerromanas, asentándose o monolingüismo en latín, non temos indicios de que isto fose así. As condicións de vida da poboación galaica, distanciada na súa maioría dos centros de influencia romana, fan pensar que esta latinización se produciu lentamente. Porén, rematou penetrando grazas a distintos factores que favoreceron a integración dos indíxenas nas estruturas sociais romanas. Algúns destes son a incorporación dos nativos nas lexións, o comercio e as vías de comunicación, a industria e a agricultura romanas e, sobre todo, a aparición de cidades profundamente romanizadas e latinizadas. Así, o latín remata por implantarse dende o século II d.C. nos núcleos urbanos e, de xeito máis paulatino, nos rurais. Coa posterior chegada dos pobos xermánicos, a latinización xa é plena, aínda que se manteñen hábitos culturais e crenzas prerromanas.

Tendo en conta todo o exposto anteriormente sobre o proceso de romanización e os distintos factores que o favoreceron, podemos establecer tres fases da latinización dos pobos galaicos. En primeiro lugar está a fase de aceptación da existencia da lingua latina “como lingua de los conquistadores y de la nueva estructura política y administrativa” (Díaz y Díaz 1983:285). Posteriormente, distingüirase un período de asimilación paulatina da lingua latina por parte das novas xeracións. A última etapa suporá unha aceptación total e o emprego cotián da lingua latina. Así, prodúcese unha nivelación na lingua grazas aos intercambios que

se manifestan, sobre todo nas cidades do leste, *Asturica Augusta* e *Lucus Augusti*, dos séculos II ao V. Desta maneira, explica Díaz y Díaz (1983:293), “de las primeras tentativas de asimilar el latín recién aprendido a la lengua cada vez más depurada de los emigrantes romanos, o de otras regiones de más antigua y profunda romanización, se pasó al uso regular, correcto y normalizado del latín como lengua propia y genuina de *Gallaecia*”.

Non obstante, que é o que diferencia o latín de Gallaecia do das outras variedades da Península? En primeiro lugar, debemos ter en conta a seguinte afirmación de Piel (1981:253) para entender este proceso de conformación dunha variedade latina propia: “uma língua em expansão territorial tende a diferenciar-se do seu padrão primitivo à medida que se afasta do foco de irradiação respectivo”. Desta maneira, debemos ter en conta unha serie de circunstancias que promoveron este afastamento. Dunha banda, a maior ou menor antigüidade da romanización e a influencia das linguas prerromanas. Como xa se dixo, *Gallaecia* foi unha das últimas zonas colonizadas, polo que é probable “que el latín conservara algunos rasgos más arcaizantes” (Lleal 1990: 37). Así mesmo, o feito de que o período de romanización fose tan longo permitiu que a acción dos substratos fora máis intensa que noutros lugares de Hispania, sobre todo na conservación de léxico e toponimia, véxanse aqueles nomes rematados en *-obre, obe* ou *ove* (*Añobre, Bedrobe, O Grove*). Doutra banda, a facilidade das comunicacións con Roma tamén permitiu que houbera un maior ou menor grao de conservadorismo nas variedades latinas hispánicas. O latín da capital romana funcionaba como modelo de corrección lingüística, mais “las zonas muy alejadas de Roma o con difíciles comunicaciones con ella quedaron marginadas de las innovaciones que incesantemente se introducían en el latín de la metrópoli” (Lleal 1990: 37). Por último, tamén hai que ter en conta que as variedades latinas que chegaron a *Gallaecia* se atopaban máis próximas ao latín culto e literario procedente da Bética.

Todos estes compoñentes permitiron unha diferenciación dialectal do latín nas distintas zonas de Hispania e, a partir do século V, coa desintegración da unidade política e administrativa romana, “las relativas diferencias iniciales fueron ahondándose progresivamente, hasta acabar individualizando a los distintos dialectos del latín” (Lleal 1990:48).

Os pobos suevos chegaron á Península no 409 e fundaron un reino independente na antiga *Gallaecia*. Este territorio sería posteriormente conquistado no 585 polos visigodos. Neste momento contribuíuse á “conformación en el Occidente peninsular de una variedad

lingüística diferencial” (Echenique Elizondo e Sánchez Méndez 2005:54). Aínda que o superestrato xermánico non tivo moita influencia na variedade falada no noroeste peninsular, pois estes pobos xa asimilaban o latín e os xermanos supoñían unha minoría aristocrática, si que contribuíu á introdución de elementos léxicos, toponímicos e antroponímicos. Alén disto, a conquista dos pobos xermanos acaba por romper os lazos entre Hispania e Roma, polo que favoreceu a aceleración das “profundas transformaciones que se estaban operando en la lengua hablada en la región, encaminada ya decididamente hacia el romance y de manera aislada de la lengua hablada en otras regiones” (Echenique Elizondo e Sánchez Méndez 2005:432). Doutra banda, as linguas dos pobos norteafricanos e o árabe, que se introducen na península a partir do asentamento destas poboacións no 711, tampouco supoñen unha gran influencia. A introdución de arabismos léxicos foi puntual e como consecuencia das comunicacións con poboacións do sur ou por vía castelá ou portuguesa.

### **3. Latín vulgar e latín clásico**

A medida que o territorio do noroeste peninsular se foi illando de Roma e do resto de Hispania, a variedade falada en *Gallaecia* foise diferenciando. Porén, hai que ter en conta que a variedade escrita, o chamado latín clásico, sempre se mantivo relativamente estable. A distinción entre esta variedade, que funciona como modelo para a escrita, e o latín vulgar non é diastrática, nin diatópica, pois o latín vulgar non era o empregado nas provincias e o clásico en Roma. Tampouco se pode considerar o latín clásico como unha variante diacrónica, de maneira que esta denominación se refira á variedade empregada ata finais do século II, mentres que o termo latín vulgar se relacionaría co “latín tardío”, aquel usado dende finais do século III ata finais do século VIII, “como si el latín vulgar no fuese más que una evolución o ‘corrupción’ del latín clásico” (Lleal 1990:50).

Desta maneira, o latín vulgar corresponde á variedade coloquial, á lingua actualizada ao longo da súa historia. Para estudar este sistema, acudimos a unha serie de testemuños como os textos de autores clásicos como Plauto, que tenta manter o decoro das personaxes de clase baixa, os *graffiti*, as *defixionum tabellae*, as lápidas funerarias ou os papiros con correspondencia, as anotacións persoais, os tratados técnicos, os textos dos primeiros cristiáns, os testamentos, os contratos, os diplomas, pizarras ou crónicas redactadas a partir do século VI ou os comentarios e descrições dos gramáticos. Non obstante, aínda que

conservamos estes indicios que nos presentan algunhas das características desta variedade, carecemos dun corpus coherente que nos permita analizala profundamente.

Doutra banda, debemos ter en conta que ata finais do século II a influencia da lingua literaria sobre os falantes letrados parece que foi importante. Porén, a partir deste século, “se abriu una profunda brecha lingüística que fue apartando progresivamente la modalidad culta de la modalidad popular del latín. Las grandes transformaciones que se produjeron en el mundo romano, y que supusieron el fin del mundo antiguo, no fueron ajenas a esos cambios en la lengua de quienes las protagonizaron” (Lleal 1990:53). Polo tanto, producíronse unha serie de mudanzas sociais que promoveron esta diferenciación entre estas variedades. Dunha banda, a política militarista, imposta como consecuencia do avance dos bárbaros, incrementou o poder do estamento militar e promoveu unha maior mobilidade na estratificación deste ámbito e, como consecuencia, un maior contacto entre distintas variedades do latín. Ademais, a reforma administrativa que estableceu a división do imperio en dúas provincias, oriente e occidente, subdivididas en dioceses, favoreceu a diferenciación lingüística entre estes dous territorios. Por outro lado, cara ao final do Imperio tivo lugar unha profunda crise económica que provocou o declive do comercio e da industria. Isto supuxo a decadencia das cidades e a ruralización do mundo romano. Así, os núcleos urbanos, que constitúen grandes vías de comunicación “cuyo papel en la uniformación lingüística del Imperio había sido de vital importancia” (Lleal 1990:55), deixan de funcionar como centros de intercambio entre variedades do latín. Alén disto, o cambio no sistema de valores entre a poboación autóctona provocado pola implantación do cristianismo supuxo que, co desmembramento do Imperio, a Igrexa, co seu particular emprego do latín, pasara a actuar como elemento unificador e estimulase o desenvolvemento de variedades distanciadas dos modelos clásicos.

Todas estas transformacións, como se explicou, favoreceron que os camiños entre latín vulgar e latín clásico foran bifurcándose. Así, mentres que “o latín escrito apenas coñece diferenzas locais” (Puentes Romay 2007:102), a realización oral foi consagrando unha serie de modificacións. Isto explícase, segundo Díaz y Díaz (1960:196), porque “la estilización y elaboración de la lengua literaria hicieron de ésta un producto cada vez más reducido y cerrado en sí mismo, un producto que apenas si el influjo de la lengua de todos los días podía alterar en lo más mínimo hasta que una verdadera revolución se produce por la caída de la cultura y una cierta subversión de los valores tradicionales romanos con el advenimiento del

cristianismo”. Desta maneira, o latín vulgar experimenta mudanzas no seu sistema fonolóxico, onde se produce unha fonoloxización do grao de abertura, coa consecuente desfonoloxización da duración. Alén disto, tamén modifica o sistema de acentuación, no que se deixa de ter en conta a natureza da última sílaba. Estes desprazamentos do acento, así como o relativo acurtamento das vogais átonas, “desencadenaron un proceso evolutivo de trascendental importancia para las lenguas románicas” (Lleal 1990:69).

En canto ao sistema morfosintáctico, experimenta unha paulatina desaparición da flexión casual, que carece de regularidade e efectividade. Isto supuxo “la progresiva reducción y finalmente desaparición de los casos”, así como “la simplificación de las declinaciones y su posterior transformación en una nueva categoría flexiva basada en la oposición de género” (Lleal 1990:79). Ademais, a caída dos casos tamén favoreceu que as funcións externas foran marcadas por preposicións, gañando peso a determinación sintagmática. A estrutura da frase, como consecuencia desta desaparición dos casos, foi un dos elementos que máis distanciou o latín vulgar da variedade clásica. Mentres que o sistema escrito se caracterizaba pola rixidez en canto á orde das palabras, que se trasladaba tamén á entoación e á prosodia, na variedade oral, como consecuencia da eliminación da flexión casual, establecíase unha maior liberdade na construción oracional. Soamente se distinguían as estruturas fixas de determinante-determinado e suxeito-verbo. Desta maneira, “la lengua hablada presenta una clara preferencia por las construcciones paratácticas, en las que la entonación o las pausas marcan ya de forma suficientemente explícita las relaciones de dependencia oracional” (Lleal 1990: 96). No sistema nominal, esta variedade do latín regulariza os paradigmas, o que provoca a decadencia do xénero neutro. Esta regularización tamén se produce nos posesivos, onde se producen cambios por analoxía. Doutra banda, no sistema pronominal soamente se conservan tres casos: o nominativo, o dativo e o acusativo. Os pronomes demostrativos tamén experimentan unha mudanza: o sistema ternario HIC, ISTE, ILLE é substituído nas variedades peninsulares polas formas ISTE, IPSE, ILLE, nas que o pronome de identidade do latín clásico pasa a funcionar como P2. O pronome relativo e interrogativo é simplificado, conservándose soamente dúas formas, QUI e QUE, sen distinción de xénero nin de número.

O sistema verbal tamén sofre unha serie de mudanzas. As oposicións arredor das nocións de aspecto, modo, tempo, persoa, número e voz, que son expresadas mediante desinencias, sofren unha serie de profundos cambios a partir do Baixo Imperio. Estas modificacións axudan a evitar fenómenos moi habituais no latín clásico como o alomorfismo

({futuro} → [-bo] / [-am]) ou a coincidencia formal [-am] → {futuro} / {presente subxuntivo}. Ademais, tamén se introducen perífrases novas como a formada polo verbo HABEO e o participio pasado, así como construcións pasivas reflexas, construcións impersoais e pronominais. Doutra banda, o valor durativo e intensivo do verbo refórzase coa substitución da forma finita por unha perífrase de participio de presente e o verbo SUM (*considerans es*). Pola contra, prodúcese unha serie de simplificacións nas formas non persoais, desaparecen as formas do pasado e futuro de infinitivo e de presente e futuro do participio.

No sistema léxico-semántico tamén se desenvolveron algunhas innovacións. Así, “los cambios sociales hallaron su reflejo inmediato en el vocabulario” (Lleal 1990:97). O ascenso social dos lexionarios permitiu a extensión de usos groseiros e a nova valoración da sensibilidade e da afectividade favoreceu o incremento do uso de formas expresivas (*vocare* ‘chamar’ cedeu ante *clamare* ‘gritar’) e dos diminutivos (*vulpicula* e non *vulpe*). Doutra banda, as novas crenzas relixiosas permitiron a entrada no lexicón de vocabulario específico orixinado, en moitas ocasións, como consecuencia de procesos de substitución eufemística. Ademais, a decadencia da escola fomentou a simplificación ou confusión de trazos semánticos. Por outro lado, a implantación do cristianismo, que supuxo un proceso de despaganización, favoreceu a supresión de elementos de significación pagá. Así, tentaron implementar un novo sistema para designar os días da semana, afastado da louvanza dos deuses non cristiáns (*lunae diem, martis diem*). Non obstante, o novo sistema de feiras soamente se mantén nas zonas con romanización tardía como Lusitania. Por outra parte, o cristianismo tamén favoreceu un maior rendemento dos sufixos derivativos, “creando numerosísimos términos a partir de elementos radicales ya existentes (*carne* → *incarnatio*; *sanctu* → *sanctificare*, etc.)” (Lleal 1990: 100). En canto á antroponimia, a partir do século IV, como consecuencia da influencia cristiá, impúxose o emprego dos *nomina singulares*, alcumes escollidos polas persoas para designarse. Estes apelativos substituían o *cognomen* e *nomen* anteriores, vinculados coa nova concepción social do mundo, pois “aludían al individuo en virtud de su ascendencia directa (‘hijo de...’) y genérica (‘de la familia de los...’)” (Lleal 1990:102).

Ata agora presentáronse algunhas das características comúns no latín vulgar de todas as variedades peninsulares. Pola contra, o territorio do noroeste, que se atopa nunha situación de illamento como consecuencia da súa orografía e ubicación xeográfica, desenvolve unha serie de innovacións que non son compartidas. Desta maneira, vaise conformando un latín

vulgar galaico que presenta un “particularismo periférico tan reacio a incorporar innovacións foráneas como imposibilitado para exportarlas innovacións propias” (Mariño 1998: 50). As novidades procedentes de Tarraco que se desenvolven no oriente peninsular non chegan a introducirse nas variedades do noroeste, centro e sur da península. Así, mentres nalgúns territorios do levante se produce unha motongación dos ditongos /ai/ (cat. *primer*, cast. *primero*) e /ou/ (cat., cast. *toro*) e a asimilación consonántica /mb/ > /mm/ > /m/ (cat. *coloma*, cast. *paloma*), a variedade galaica mantén as formas máis conservadoras (*primeiro*, *touro*, *pomba*). Segundo Piel (1981), outros vestixios dunha latinidade vulgar especificamente galaica podemos identificalos no léxico, tanto na evolución de determinados substantivos latinos (BACŪA > *bágoa*; MAGĪCUS > *meigo*) como na creación de termos propios (*abrente*, *acougar*, *enxebre*, *agás*, etc.). Tamén se pode identificar como particularidade desta variedade galaica a conservación do primitivo -i do xenitivo nos topónimos (*Vilagudín* < VĪLLA GUTINI) e a creación dunha nova forma verbal, o infinitivo con flexión de persoa e número.

#### **4. Latín vulgar tardío e protorromance**

Coa caída do Imperio romano no século V, consecuencia das divisións internas e das constantes invasións xermánicas, establécense na antiga *Gallaecia* o pobo suevo e, posteriormente, arredor do ano 585, o visigodo. Neste momento, que coincide co final do século VI e principios do VII, os problemas sucesorios do trono do reino visigodo de Toledo provocaron unha guerra civil. O bando vitizán, unha das familias que loitaba polo poder, pediu axuda aos musulmáns, o que resultou no fin da monarquía visigoda en 711 e no dominio dos musulmáns en boa parte da Península, menos no noroeste peninsular, onde se detivo esta expansión grazas á incorporación da aristocracia galega á facción vitoriosa. O fin da dominación visigoda permite a independencia deste territorio, que se conforma como un reino cristián que abarca a Galicia actual, o norte de Portugal e a rexión asturleonense.

Como xa se expuxo anteriormente, a nivel lingüístico, esta serie de invasións non supoñen unha profunda transformación nin do latín escrito, nin da variedade vernácula, pois os diversos pobos que se instalaron no noroeste peninsular foron latinizándose e converténdose ao cristianismo ao longo da súa estancia. Desta maneira, soamente provocou unha introdución de certos elementos léxicos e toponímicos de orixe xermana, e puntualmente árabe ou de linguas do norte de África, no sistema lingüístico latino.

Estas modificacións, ao igual que as explicadas na sección anterior, non evidenciaron para os falantes a existencia de dúas linguas diferenciadas. Na Península, ata o século XI, considerábase que a sociedade era monolingüe, “since they themselves do not seem to have made any systematic distinctions” (Wright 1997: 261). Aínda que existían variación social e xeográfica, sentíanse como internas á lingua, non como síntomas dunha separación completa entre sistemas lingüísticos (Wright 1997:261). Deste xeito, como explica Lleal (1990:131): “la transformación del latín en romance no es, en rigor, un fenómeno de la lengua, sino un hecho de conciencia lingüística”. Polo tanto, entederase por *protorromance* a suma daquelas variedades diafásicas, diatópicas e diastráticas que aínda se senten como parte do latín vulgar tardío, mais que funcionarán como alicerce sobre a que se irá formando un novo sistema lingüístico, o romance.

Polo tanto, ata o século XI atopámonos nun contexto de endodiglosia funcional. A estática variedade escrita, que se estandarizara tomando como base a gramática do século IV *Ars Minor* de Donatus, exercía funcións altas e a variedade vernácula, en constante cambio, empregábase nas funcións socialmente menos valoradas. Deste xeito, sentíase na Romanía unha certa unidade e monolingüismo conceptual, “heterogéneo, evolucionado y complejo desde los puntos de vista social y estilístico” (Wright 1993:616). Así, explica Herman (1996:41):

On the metalinguistic level, neither the learned nor the non-schooled had nor could have had an even approximately adequate image of the linguistic situation, and consequently they continued their everyday practice and even their grammatical work as if the unity and the identity of Latin were fundamentally unshaken.

Esta consideración das variedades escritas e vernáculas como parte dunha unidade heteroxénea está moi vinculada co papel da Igrexa. Durante a dominación romana, a relativa unidade do latín estaba garantida grazas á existencia dunha tradición literaria e culta que contaba cunha base social sólida, formada a través de institucións educativas conservadoras, e pola comunicación entre as distintas partes do Imperio. O final da dominación romana desembocou na decadencia do sistema educativo centralizado, que se viu substituído por centros de cultura locais vencellados a familias de nivel social alto (Monteagudo 2017:75). Porén, a Igrexa, que se organizou de maneira unitaria e que se estableceu en tempos de Constantino como única institución relixiosa do Imperio, mantivo unha vía de comunicación entre os territorios. Deste xeito, non se produciu unha ruptura co antigo paradigma

lingüístico, pois “o seu papel dirixinte no ámbito cultural garantía o mantemento dunha certa cohesión lingüística” (Monteagudo 2017:77). Explica Wright (1997:263):

They did not yet want a wholesale fermor of the existing traditional international standard, which had enormous advantages. It could be read, written, taught and understood anywhere in Europe; its ‘grammar’ was known, there was a solid educational tradition, the language had all necessary registers from the legal and ecclesiastical to the everyday, and (...) the illiterate could follow texts when they were read aloud.

Desta maneira, existía unha intercomprensión entre a variedade culta e a vernácula. Así, explica Wright (1997:262) que estruturalmente as diferentes variedades non se distanciaron o suficiente para impedir esta intercomprensión:

The linguistic consequences of this kind of sociolinguistic reconstruction are as follows; that in the Early Middle Ages everyone in a particular area used more or less the same phonetic system as each other, along the same scale of patterned sociolinguistic variation, such that listeners to texts could recognize the words from the pronunciations of the readers; and also that the old morphology and syntax were still no serious hindrance to intelligibility.

## **5. Reforma carolinxia**

Deste xeito, e tal e como se explicou, a pesar de que se produciron distintas evolucións no latín falando “seguía sendo a mesma lingua e non outra, porque en ningún momento se había producido unha ruptura da continuidade lingüística. Os componentes de unha xeración nunca tiveron conciencia de usar unha lingua distinta da de seus antecesoros ou da de seus descendentes inmediatos” (Lleal 1990: 131).

Non obstante, durante o Renacemento Carolinxio produciuse unha renovación do sistema educativo para os membros da Igrexa. Estableceuse un novo sistema de escritura, e por tanto, de pronuncia, no que se fixaba a correspondencia letra-son, tomando como base *De Orthographia* de Alcuíno de York. Desta maneira, tentouse restaurar un latín estándar baseado no modelo dos clásicos, o que provocou que esta variedade se volvese máis opaca. Formuláronse novos modelos centrados nestes dous aspectos porque a celebración de cerimonia litúrxicas supoñía a reprodución oral de textos, de modo que non era necesario que todos os clérigos soubesen redactar en latín. A introdución desta nova pronunciación reformada provocou que os actos relixiosos deixasen de ser intelixibles para os fieis (Wright 1989:183).

Neste contexto, a Igrexa decide intervir, pois o máis importante da misa é a predicación. Así, convócase no 813 o Concilio de Tours, que trata o tema da discrepancia entre a variedade vulgar e o latín clásico. Así, especificase o contido e a finalidade das homilías, que deben lerse na *rustica Romana lingua* ou na *Theotiscam* (lingua xermana) para que fosen comprendidas polos devotos. Desta maneira, afirma Lleal (1990:133) que a reforma carolinxia:

puso de manifesto la distancia abismal que separaba el latín del período clásico (o su resurrección setecientos años después) del latín que se había seguido hablando en la Romania. Y si la lengua en que los clérigos leían los textos litúrgicos era latín, resultó evidente para todos que la lengua que hablaban era otra cosa. Adquirieron conciencia de la diferenciación lingüística.

Polo tanto, a estandarización do latín oral coordinou o modelo de Donatus con novas técnicas ortográficas e de pronuncia nas cales cada letra estaba asociada a un son, provocando que o latín se sentira como “a whole systematic language of its own, freshly standardized in that way so as to be clearly distinct from everyone’s normal speech, and itself unable in speech as well as writing on an international scale” (Wright 1997:265).

As consecuencias desta reforma non chegaron á Península ata o ano 1080, no que se convocou o Concilio de Burgos. Nesta reunión, na busca de unificar a liturxia de toda a cristiandade occidental, decretouse que o rito romano debería substituír o antigo visigótico. Este cambio produciuse por conveniencia política, pois a necesidade inmediata de adquirir novas técnicas educativas, novos métodos de pronunciación e unha nova escritura non foi prevista, esperada ou desexada pola Igrexa da Península (Wright 1989:314). A chegada dos clérigos franceses da orde monástica dos Cluny e a súa influencia, cada vez maior, en parte grazas á mobilidade permitida polo Camiño de Santiago, provocou que o modelo carolinxiño se consolidase.

Neste novo contexto, a distancia entre a variedade vernácula e a variedade clásica do latín provoca que non exista unha intercomprensión e que comece a callar a idea de que son dúas linguas distintas. Polo tanto, pásase dunha situación de endodiglosia funcional a unha situación de exodiglosia.

A elaboración do latín clásico e o seu distanciamento con respecto á súa variedade vernácula motivou a que se comezase a escribir nesta última. Deste xeito, como explica Gimeno Menéndez (2004: 181), “la aparición de una *scripta* que buscara la transcripción de

la lengua hablada popular sin salirse del molde de la escritura clásica dependería por una parte, de la toma de conciencia de que una lengua nueva existía (irreductible a la antigua), y por la otra, de la decisión (tomada por los que tuvieran el poder) de dar a esa lengua un estatuto escrito”. Esta transformación do panorama lingüístico, que significa a consolidación dos textos escritos en romance e a súa normalización lingüística, prodúcese na Península na segunda metade do século XI e XII –na Francia carolinxia desenvólvese este proceso no século IX– ao redor dunhas condicións de cambio social, económico e cultural. O desenvolvemento económico, o maior crecemento demográfico e o avance na educación desemboca nun aumento do nivel cultural da poboación, o que provoca que se fora desprazando paulatinamente o latín medieval reformado en favor dos romances nalgúns funcións sociais consideradas de maior prestixio, entre elas, a escritura.

Neste sentido, Sánchez Méndez (2012: 28) establece unha serie de fases para mostrar como evolucionou a conciencia lingüística sobre o romance. Nunha primeira etapa, tómake consideración de que o romance falado –a variedade vernácula– xa non era latín. En segundo lugar, prodúcese unha conciencia de diferenciación dos romances como entidades autónomas dentro dese *continuum* lingüístico da Península. Nesta individualización e recoñecemento dos romances –que se explicará posteriormente con maior detemento– é esencial a vinculación entre lingua e comunidade territorial ou política, así como a creación das diferentes *scriptae*, o que supón a ampliación funcional e diversificación estilística destas linguas, anteriormente variedades exclusivamente orais e informais. Desta maneira, a consolidación da escritura, é dicir, a súa codificación e conversión en lingua de cultura, plenamente diferenciada e colocada á mesma altura que outros códigos de prestixio como o latín, provocou que se desintegrara paulatinamente ese contexto previo de exodiglosia funcional.

Tendo en conta todo o exposto, podemos afirmar que a conciencia do romance como entidade distinta do latín foi consecuencia da depuración do latín escrito, froito das reformas carolinxias que chegan á Península da man dos monxes de Cluny en 1080, o que permitiu que o romance fora introducándose paulatinamente na escritura. Nun primeiro momento, as variedades vernáculas rexístranse neste ámbito nunha especie de latín arromanzado, que se conserva en textos escritos por usuarios de menor formación como os notariais, así como a través de marcas orais na escritura; e posteriormente en textos que seguen as normas ortográficas que se consolidaron para cada romance.

## 6. A emerxencia dos romances

A introdución do romance na escrita, que permitiu a súa diversificación estilística e funcional, foi consecuencia do progresivo afastamento entre latín vulgar e clásico, o que dificultaba concibir ambos sistemas como variedades diafásicas da mesma lingua, así como da reforma carolinxia e unha serie de cambios sociais, que “traen como consecuencia la creación de una cultura, en buena medida, al margen de la tradición latina y la Iglesia” (Cano 2007:87). Desta maneira, o desenvolvemento cultural, favorecido polo crecemento económico, fomenta o aumento do número de escolas, moitas delas desvinculadas da Igrexa. Así, explica Cano (2007:90), “las lenguas romances se consolidan en la escritura en el siglo XIII cuando surge un público de lectores laicos a los que iban destinadas las recopilaciones de cantares de gesta, de poesías trovadorescas, etc.”.

Porén, nos contextos sociais en que dominou a situación de endodiglosia funcional latina tamén se rexistran incorporacións da variedade vernácula na escritura. Un exemplo disto son as glosas, que se escribiron entre os séculos VIII e X, que tentan explicar termos ou construcións do latín clásico que resultaban xa incomprendibles. Estas aclaracións escribíanse nun latín máis achegado á lingua falada, mais a intención non era empregar o vernáculo, pois o contexto diglósico impedía empregar unha variedade B na comunicación escrita ou nos actos oficiais. Afirmo Gimeno Menéndez (2004:198) que “los glosarios son importantes divulgadores de información léxica y sintáctica del latín medieval y de los primeros elementos protorromances, así como proporcionan referencias sobre la sociedad, las religiones, las formas de vida y las mentalidades”.

Por outro lado, tamén se conservan textos de carácter híbrido entre latín clásico e a variedade vulgar. Dunha banda, a busca dunha mellor acollida do dogma cristián entre o vulgo, xunto coa menor formación do clero, fomentaron a consagración dunha certa vulgarización do latín literario e o esvaecemento das pautas lingüísticas típicas da literatura clásica, empregadas como modelo escrito anteriormente. Por outro lado, en textos notariais dos séculos IX e X van aparecendo vestixios de romances, non se sabe se por ignorancia, por descoido ou pola necesidade de facilitar a comprensión do texto. Segundo Cano (2007: 97), nun primeiro momento estas pegadas da variedade vernácula atopámolos en elementos onomásticos, antroponímicos ou toponímicos, posteriormente nas partes centrais dos

documentos, e finalmente nos protocolos finais ou iniciais, expresados mediante fórmulas fixas.

Se prescindimos destes primeiros balbucidos que poden detectarse nestes textos, que aínda pretenden ser latinos, podemos dicir que os primeiros documentos en romance son os Xuramentos de Estrasburgo (842). Desta maneira, se analizamos a cronoloxía, podemos ver como a reforma carolinxia contribúe a que o romance tome conciencia de si mesmo fronte ao latín e pase a empregarse en contextos nos que ata ese momento non tiña presenza (Cano 2007:88). Así, deixa de concibirse a inclusión de elementos vulgares como unha marca de estilo. Na Península, os primeiros documentos administrativos en romance atopámoslos en Asturias e León a finais do século XII. No caso galego, os textos non literarios máis antigos escritos enteiramente en romance galego dátanse no 1230, e será unhas décadas despois, durante o reinado de Afonso X, cando se consolide o seu uso notarial. Estes textos caracterízanse pola hibridación diatópica, debido á falta dunha norma que permita uniformar e individualizar o romance. Porén, manteñen unha certa homoxeneidade lingüística, en parte, grazas á formación en latín que tiñan que moitos dos escribas. Deste xeito, a aparición deste sistema de escritura romance, máis ou menos estable, está vinculada á presenza permanente do latín na ensinanza (Brea 2007:123). Adaptouse o sistema gráfico latino, habilitando solucións propias para representar fonemas novos como as consoantes palatais, que foron as que causaron maior discrepancia (<nh>, <nn>, <ñ>, <ni>, etc.). Explica Wright (1996:110):

The subsequent, and probably consequent, emergence of distinctively and intentionally non-Latinate writing systems for recording Romance vernaculars were -can only have been- experimental inventions by enterprising and innovative linguists, even if they were based on some existing approximations.

Ademais, este mesmo autor (1989:216) tamén considera que o labor dos monxes de Cluny, tanto no ámbito litúrxico como no educativo, puido favorecer esta uniformización da escritura romance, ensinada nos centros educativos do mesmo xeito que o latín.

Doutra banda, existían distintas normas ortográficas nos diferentes territorios, o que permitiu diferenciar os romances entre si. Explica Wright (1997: 268) que “it is known now that it is only the existence of different prestige norms in different places that can lead eventually to the later existence of genuine isoglosses along political frontiers within a continuum such as the Early Romance one”. Desta maneira, a planificación lingüística, dirixida por razóns políticas, é a que permite individualizar os distintos romances

peninsulares. A partir do século XI, cada dominio foi xerando unha tradición de escritura, plasmada nas diversas *scriptae* que foron xurdindo, que contribuían á consolidación desta conciencia de diferenciación (Sánchez Méndez 2012: 36). A pesar de que o mundo medieval se caracteriza polo multilingüismo, o que deixa a entrever que a lingua non tiña unha gran importancia á hora de construír identidades, Sánchez Méndez (2012:37) afirma que “esto non impide que jueguen un papel destacado las entidades políticas medievales, independientemente de su carácter, por cuanto, como centro de poder, permitieron vincular progresivamente sus propios modos de habla con su entidad política y realidad geográfica”. De todas maneiras, hai que ter en conta que non será ata o século XV cando se estableza unha relación moi acusada entre lingua escrita e territorio, pois durante a Idade Media os criterios de selección da lingua estaban vinculados co xénero literario ou a situación comunicativa. Por exemplo, o galego-portugués empregouse na lírica medieval profana en todo o territorio peninsular, o que evidencia que a elección dunha lingua poética era un problema de tradición literaria e non gardaba ningunha relación cun poder político ou territorio determinados (Sánchez Méndez 2009:177).

Desta maneira, fronte aos textos anteriores, que pretendían reafirmar a identidade do romance fronte ao do latín sen poñer énfase na distinción entre variedades territoriais, foron configurándose distintas normas que tentaban construír un instrumento lingüístico capaz de reflectir os trazos característicos de cada un dos romances, opostos entre si, como consecuencia das diferenciacións territoriais das que os romances eran o reflexo e a expresión (Lleal 1990: 209).

Por outro lado, esta evolución da concepción do romance na conciencia lingüística está moi vinculada co feito de dotar dun nome o propio sistema. Explica Janson (1996: 20): “language naming is only one important instance of a more general type of event: namely, that of changes in the ways to talk and write about languages. These are clearly not changes in language usage or in the language system, but in the attitudes towards the language”.

Así, a necesidade de procurarlle un nome propio e independente ao sistema evidencia unha maior conciencia da súa individualidade. A partir deste momento, deixa de empregarse o substantivo xeral ‘latín’ e un adxectivo que indique procedencia dun territorio, expresando as diferenzas diatópicas e diafásicas do sistema, concibidas como maneiras de falar (*gallaeco vocabulo*). Tamén deixan de ser equivalentes as denominacións *lingua latina* e *lingua*

*romana*, intercambiables en textos anteriores ao século IX, o que demostra a inexistencia dunha conciencia clara de latín e romance como dúas realidades lingüisticamente diferentes (Lloyd 1996). Entre os séculos XI e XIV a elite letrada comeza a dotar de nomes as linguas romances para referirse ás formas escritas. No caso do galego, emerxe a idea dun romance propio a partir da segunda metade do século XIII, dun romance á galega. É probable que a partir do século XIV comece a estabilizarse esta noción, situándose a par doutros sistemas. Esta conciencia consolidarase ao longo do século XV (Monteagudo 2017:118).

Desta maneira, explica Janson o seguinte ao falar do contexto lingüístico da Iberorromania (1996: 26):

In the first place, there is no evidence of a clear notional distinction between any Romance language and Latin before the eleventh century. Before that, what existed was the name Latin and possibly a number of makeshift designations of different dialects. In the second place, the introduction of language names is closely connected with the creation of written language forms. Thirdly, the early history of the names as well as the written forms is linked with powerful and numerically small groups in society rather than with people in general. In sociolinguistic terms, the metalinguistic change is definitely a change from above, not from below.

Polo tanto, podemos ver como antes de finais do século XI había na Península unha conciencia metalingüística semellante á do mundo moderno británico de fala inglesa, no sentido de que existe unha distancia entre o sistema fonolóxico e o ortográfico. Unha soa lingua, o romance ibérico, con moita variación. Para finais do século XIII, vense xa novas linguas separadamente identificadas con cadansúa base xeográfica e con cadansúa ortografía (Wright 1993: 618).

## **7. Romance galego**

No caso do romance galego, entendido como aquel que se falaba na *Gallaecia Magna*, as divisións internas producíronse precisamente por unha planificación e estandarización lingüística diverxente nos distintos territorios. Desta maneira, non podemos confundir a aparición da variedade escrita do galego coa súa emerxencia como lingua histórica distinta das outras variedades romances coas que estaba en contacto (Dubert 2017:49), pois non será ata despois da conformación de padróns distintos cando se vaia construíndo unha conciencia de diferenciación entre os distintos romances peninsulares próximos.

Polo tanto, nun primeiro momento atopamos romances con fronteiras difusas con certa continuidade, mais pouco a pouco, e por distintos factores extralingüísticos (políticos, sociais, económicos, etc.), as distintas áreas dialectais fóronse articulando arredor dunha norma escrita. Así, a división do romance galaico ten como xerme a fragmentación política. En 1139 prodúcese a independencia de Portugal e no ano 1230 o reino de Galicia e de León incorpóranse á Coroa de Castela. O definitivo sometemento político galego ten lugar ao longo do século XIV e XV, tras a crise dinástica de Portugal (1385), que supón o declive da importancia da nobreza do norte e de Galicia na corte, e despois do reinado dos Reis Católicos (1474-1504), que levan a cabo unha política de imposición de autoridades e clero foráneos nas institucións políticas e eclesiásticas galegas. As diferenzas lingüísticas entre ambas variedades do romance foron incrementándose como consecuencia desta ruptura política e do campo de forza, constituído polas institucións estatais e eclesiásticas comúns, os intercambios socioeconómicos e os movementos de poboación. Desta maneira, fíxose necesaria a conformación de dous estándares diferentes ao concibir galego e portugués como linguas distintas que identificaban dúas unidades políticas separadas (Wright 1997: 269). Por tanto, a construción de dúas normas simbolizaba a separación de dúas identidades nacionais. Este mesmo autor tamén explica o seguinte:

“In particular King Afonso III in the late thirteenth century, seem to have wanted consciously and deliberately to make their new standard correspondences distinctive from the recently established Castilian ones (which were also used in Galicia), even in cases where cognate words had identical phonetics, and they accentuated their individuality with respect to the Castilians and Galicians (and perhaps in addition their political sympathy for Occitan-speakers) by choosing some of the Occitan letter-sound correspondences rather than the ones used in the kingdom of Castille”.

Porén, a lingua que se falaba a ambos lados do Miño era esencialmente a mesma e, nunha primeira etapa, os textos medievais aínda non reflectían diferenzas substanciais entre as dúas variedades. Así, ademais das particularidades diferenciais na súa evolución do latín, explicadas con máis detemento no apartado 3, o romance galego caracterízase por unha serie de trazos conservadores e innovacións propias que o individualizan respecto do resto de variedades románicas. Non obstante, o punto de partida común do romance galego foi diverxendo nas distintas variedades diatópicas. Desta maneira, aínda que “as falas galegas manterían durante moito tempo a súa irmandade esencial coas falas portuguesas setentrionais, nunca chegarían a coñecer as innovacións procedentes do centro e sur de Portugal que se consagraban na *lingua padrão* do país veciño” (Mariño 1998: 128).

Afirma Castro (2006: 155): “as transformacións lingüísticas entón registradas no portugués común, especialmente fonolóxicas, poden ser interpretadas como recusas de un pasado que perdurava no norte, non apenas na Galiza mas tamén no Entre-Douro-e-Minho”. Deste xeito, certas evolucións lingüísticas toman o mesmo camiño no norte de Portugal e no territorio galego, mentres que nas zonas meridionais e centrais do país luso se desenvolven innovacións de seu.

Por un lado, o microsistema de consoantes labiais sonoras que puido existir no romance arcaico da *Gallaecia Magna*, conformado polo fonema oclusivo bilabial sonoro /b/, o aproximante bilabial sonoro /β/ e o fricativo labiodental /v/ evoluciona de maneira dispar. No norte de Portugal e no territorio galego triunfa o betacismo, manténdose un único fonema /b/, cun alófono aproximante [β] e outro oclusivo [b], mentres que nas falas centrais e meridionais de Portugal se conserva a oposición entre /v/ e /b/. Así mesmo, prodúcese a mesma distribución dialectal das solucións da africada /tʃ/. Nos territorios galegos e do norte portugués perdura este son e nas zonas meridionais e centrais levan a cabo un proceso de desafricación (/tʃ/ > /f/) (Castro 2006: 198). De xeito paralelo, a redución do ditongo /ou/ en /o/ (ou substitución por /oi/) (AURUM > ouro > /óro/ o /oiro/) é un fenómeno característico do territorio meridional, con conservación no norte de Portugal e en Galicia.

Así mesmo, nas terceiras persoas dos perfectos rexístranse distintos resultados. Nas variedades meridionais e centrais de Portugal mantéñense as variantes con -e (*ouve, soube*, etc), tamén rexistradas no territorio galego. Non obstante, na zona noroccidental da Península, é dicir, tanto no norte do país luso como no territorio galego, acaban prevalecendo aquelas formas rematas en -o (*ouvo, soubo*, etc.).

Doutra banda, no repertorio pronominal galego atopamos unha nova forma *che*, resultado do encontro dos pronomes átonos de complemento *te* precedido de /s/ con pronomes átonos de complemento directo de 3ª persoa *o(s), a(s)*. Esta forma con palatalización consonántica alterna con *te* sen un reparto de funcións claramente delimitado nos textos galegos. Aínda que tamén ten presenza en textos portugueses dos séculos XIII e XIV, non se integra no *padrão*, subsistindo como forma de carácter vulgar e dialectal nas falas do norte do país.

Pola contra, outros resultados de evolucións fonéticas coinciden en todo o territorio portugués, diverxendo fronte á maioría de solucións galegas. Véxase por exemplo a adaptación dos grupos GUA-, -GUA-, resultantes da evolución dos xermanismos con W-. Na maior parte dos falares galegos triunfaron as solucións con *ga-, -ga-, go-* (*gardar, agardar,*

*gorecer*), mentres que nas portuguesas se mantén (*guardar, aguardar, guarecer*). Alén disto, no grupo QUA-: o resultado patrimonial en case todas as falas galegas foi *ca-* (*cando, catro, cadrar*) en posición tónica e átona ou *co-* en posición átona, como consecuencia dunha asimilación (*coresma, corenta*) fronte á evolución portuguesa *qua-* ou *ca-* (*quando, quatro, quaresma, catorze*).

Por outro lado, a inflexión por iode procedente de -UKT-, -ULT- latinos intensifícase na zona meridional ([oj] > [uj]: ‘muito’), mentres que soamente se produce nalgunhas partes do territorio galego, onde o resultado máis estendido é [oj]: *moito*.

Nas terminacións en plural prodúcese unha evolución semellante: nos textos galegos e portugueses rexístranse as formas rematadas en <-ães> (*cães, pães*) como resultado de -ANES, -ANIS, mais soamente en textos setentrionais se presentan solucións <-ans> e <-as>, que serían as que triunfarían na maioría de falas galegas. En canto á evolución de -ONES, o portugués converte en ditongo o hiato nasal da solución antiga <ões> e o galego desenvolve as formas <õos>, <õons> >ons> <oos> (*capõos, sazõons, condiçons, devysoos*), que derivan nas solucións máis estendidas (-ons, -os).

Finalmente, atopamos resultados diverxentes nas tres zonas dialectais como resultado de evolucións fonéticas diferentes. As innovacións desenvoltas nas zonas do centro e sur portugués non chegan a irradiarse por todo o país. Isto é o que ocorre no caso das terminacións latinas -ANU, -ANE e -ONE. Mentres que nas variedades meridionais os resultados converxen (MǃNU> *mão*; CANE> *cam*> *cão*; LĚŎNE> *leom* > *leão*), as falas galegas son alleas a estas igualacións (MǃNU> *mao, man, ma*; CANE> *can*; LĚŎNE> *león*) e as falas do norte de Portugal desenvolven solucións propias. Explica Teyssier (1984: 40):

Notemos, por fim, que essa evolução se deu no português do Sul, do Centro e só numa parte no português do Norte. Não foi seguida no extremo norte, e em particular no Minho. Nesta região, as antigas palavras em *-on* não passam a *-ão* mas a – [õu] (ex.: [trubõu] “trovão”, [ferrõu] “ferrão”) e esta categoria chegou mesmo a absorver as antigas palavras em *-an* (ex.: [kõu] de *can*).

Deste xeito, podemos ver como se producen diverxencias respecto á nasalización das vogais, producida por un /n/ intervocálico que despois experimentou unha síncope. Nas zonas meridionais consérvase este trazo nasal (*irmã*), nos territorios setentrionais do país luso desenvólvese unha solución propia /õu/ (Mattos e Silva 2008: 525) e na maioría dos falares galegos lévase a cabo un proceso de desnasalización vocálica (*irmán/irmá*).

Estas discordancias tamén se reflicten nos resultados das terceiras persoas de plural. Nos territorios galegos consérvase a distinción das desinencias latinas -UNT, -ANT (-on, -an) fronte aos territorios meridionais, que conflúen nunha solución, vinculada co proceso xa mencionado de nasalización, peche e ditongación da vogais tras a caída de -N- (-an > ã > aw) (*cantaram* > *cantarão*). No caso do norte, desenvólvese unha evolución única, resultado da ditongación e asimilación (ã > ão > õu) (Mattos e Silva 2008: 522).

Outra das singularidades do consonantismo que máis diferencian hoxe a galego e portugués é a evolución das consoantes sibilantes. O repertorio común das sibilantes nos distintos territorios iberorrománicos sería o seguinte:

|                                     |         |
|-------------------------------------|---------|
| Fricativas prepalatais              | ʃ / ʒ   |
| Fricativas ápico-alveolares         | š / ž   |
| Africadas predorso-dento-alveolares | ts / dz |

Partindo deste sistema compartido, nos territorios portugueses estenderíase unha desafricación, mantendo relevancia a oposición entre xordas e sonoras, mentres que nos territorios galegos se produciría tamén unha desonorización. Así, explica Castro (1991: 25) que “nos dialectos portugueses setentrionais, ao contrário dos galegos, existen sibilantes surdas e sonoras”. Neste sentido, afirma Teyssier (1984: 44) que en Portugal se diferencian tres áreas dialectais: unha do centro-sur, onde se abandonou a distinción entre fricativas predorsodentais e apico-alveolares en favor das primeiras; unha zona intermedia situada no noroeste, na que se produce esta mesma situación, mais resólvese en favor do par apicoalveolar; e finalmente unha zona arcaica do nordeste onde se conservan os catro fonemas primitivos.

A planificación lingüística que se leva a cabo no país luso e que repercute na escolla de variantes meridionais como modelo de prestixio non se produce en Galicia. Explica isto Cardeira (2005: 49):

A estandardização do portugués é un correlato lingüístico do crecemento de una cultura urbana e centralizada: a influencia dos membros da corte, da justiça, da Universidade, ajustam-se aos requisitos esperáveis para una situação que favorece o desenvolvemento de una variedade padronizada da língua. Situação completamente diferente é a do galego: a integración no reino de España, una administração e una classe dominante

castelhano-falante impedem a estandardización. Ao galego faltou o núcleo aglutinador, o «campo de forza» que em Portugal atraiu os falares antigos e os renovou.

Polo tanto, no momento no que se construíu a norma portuguesa, que se afastaba da variedade galega, estas diverxencias entre ambas variedades comezaron a profundizarse. Neste sentido, Venâncio (2021:134) considera que o portugués *común*, é dicir, o *padrão*, se forxou na “desruralización”, é dicir, na “desgaleguización”. Tras unha época de guerras con Castela, prodúcese unha inversión nos poderes políticos, provocando que a vida política e cultural do reino de Portugal se orientase ao centro e sur do territorio, onde se asentaba a nova nobreza dotada de poder político (Castro 2006: 76). Así, mentres a variedade destes territorios meridionais foi adquirindo cada vez maior prestixio e funcionou como base para a norma lingüística e literaria, os trazos lingüísticos setentrionais foron valorados negativamente, sendo considerados arcaísmos ou rexionalismos e apartados da norma culta (Lleal 1990: 212). Desta maneira, explica Castro (2006: 76) que “as transformacións que o portugués entón sofre afastam-no da matriz medieval galego-portuguesa: algúns delas terán tido carácter deliberado (...); outras, especialmente as de ordem gramatical, serán inconscientes, mas numerosas e extensas”.

Por conseguinte, “la conciencia de identidad lingüística en Portugal adquirió un carácter complejo, pues a su desvinculación respecto del latín, se unió también su separación del gallego, con el que compartió la lengua culta de la lírica hasta bien entrado el siglo XIV” (Sánchez Méndez 2012: 46). Deste xeito, o *padrão* supoñía un distanciamento da variedade galega e, como vimos anteriormente, foron xurdindo innovacións a cada lado da fronteira nas formas escritas. Non obstante, as variedades populares do norte de Portugal mantiveron os vínculos coas falas galegas, como consecuencia lóxica dos contactos que se deron durante séculos a través da fronteira e do distanciamento dos galegos e portugueses das zonas setentrionais respecto dos centros capaces de emitir unha norma prestixiosa.

Non obstante, a bifurcación entre ambos romances –exceptuando as variedades dos territorios do norte de Portugal– maniféstase máis profundamente na segunda metade do século XIV, período no que os lusos se viron inmersos nunha guerra con Castela. Tras estes enfrontamentos prodúcese a entrada dunha nova nobreza que centraliza o poder na rexión de Lisboa. Isto provoca a disolución da escola lírica galego-portuguesa e diverxencia nos sistemas grafemáticos.

No ano 1255 comézase a emitir documentación en romance no escritorio rexio de Afonso III de Portugal, mais non será ata o reinado de don Dinís (1270-1325) no que o portugués se asente como lingua de uso preferente para as funcións administrativas. Isto permite que pouco a pouco se vaian conformando unha serie de hábitos ortográficos, que se plasmarán nas primeiras gramáticas, datadas no século XVI. Isto mesmo explica Castro (2006:101) ao analizar a lingua dos copistas dos primeiros textos portugueses: “percebe-se que tinham adquirido, ou em escola, ou através de uso muito frequente, certos hábitos de escrita, e predileções por certas soluções gráficas, a que de modo algum recorriam em exclusivo, mas que resultam os mais frequentes na sua pena”. Pola contra, Galicia, que carecía de independencia política, careceu dunha homoxeneización na escritura, tendendo ao polimorfismo.

A conciencia de diferenciación entre estes dous sistemas pódese observar nos nomes que se lles dan nos textos. Segundo Monteagudo (2017:118), a denominación máis antiga é a de *gallaeco vocabulo* do século XII. Estes cualificativos demostran a diferenciación dunha forma de falar ou escribir á galega, mais non será ata principio do século XIV, no que se estende a denominación *romanço*, cando se poida analizar a conciencia de diferenciación. Este estudo farase seguindo, entre outros moitos, o traballo de Silva (1998), no que compara obras de prosa medieval de creación, entre as que se atopan a tradución galega da *Crónica General*, a *General Estoria* ou a *Crónica Troiana*. En primeiro lugar, o feito de que existan traducións de obras ao romance galego xa supón unha certa conciencia de individualización do sistema.

Nesta análise considerouse que a denominación máis frecuente era *a nosa linguagẽ*, traducida do orixinal castelán *el (nuestro) lenguaje de Castiella* ou *el (nuestro) lenguaje castellano*. Desta maneira, fronte á especificación xeográfica do orixinal, que tamén aparece na tradución portuguesa *Crónica Geral de Espanha de 1344 (linguagem de Portugal)*, vemos como na versión galega se opta por unha identificación máis xeral. Isto reflicte as dificultades de individualización do romance galego respecto á variedade de Portugal, territorio co que conformaba unha comunidade lingüística, e a coroa de Castela, da que dependía politicamente. Este valor xeográfico como elemento identificador aparecerá por primeira vez nas *Regres de Trovar* de Jofre de Foixa, que identifica un romance ‘galego’. O feito de que apareza esta denominación individualizadora neste texto occitano do século XIII non é

sorprendente, pois esta variedade románica é a que máis cedo manifestou unha consciencia metalingüística e metaliteraria sobre a produción en lingua vulgar (Monteagudo 2017: 120).

Este recoñecemento do romance galego volverá a plasmarse posteriormente en textos do século XIV ou XV como o *Libro de los Estados*, nos que se fala dun *lenguage gallego* ou os *Miragres de Santiago*:

Pois que Santiago dou esta rresposta que suso oydes et ese testemoyo, o poboo ascoytauano moy de grado et come[ç]auano a loar moyto a Deus et dizer asi en abrayquo: «Osana fili[o] Daudi», que quer dizer en ligoajen galego: «Señor faynos saluos» (apud. Mariño 1998: 144)

Polo tanto, prodúcese unha individualización lingüística fronte aos romances veciños, que parece que contrapón en certa maneira coas denominacións comúns *lingua yspanica* e *lyngoajeẽ de Espana* que aparecen no *Liber Sancti Jacobi* (s.XII) e na tradución dos *Miragres de Santiago*. Non obstante, explican Mariño e Varela (2010: 64) que o “recoñecemento da singularidade deste territorio noroccidental non implicaba a anulación da idea de que existía tamén un todo hispánico en que tal territorio galaico se inscribía”. Desta maneira, “esta inveterada visión unitarista do romance ou lingua vulgar de España foi durante séculos perfectamente compatible co recoñecemento da existencia de modalidades xeograficamente circunscritas” (Mariño e Varela 2010: 68). Nesta concepción, enténdese o romance portugués como lingua de España como expresa explicitamente a *Gramática de la lengua vulgar de España* (s.XVI):

es aquel, que io nuevamente llamo, Lengua Vulgar de España, porque se habla i entiende en toda ella generalmente, i en particular tiene su asiento en los reinos de Aragón, Murcia, Andaluzia, Castilla la nueva, i vieja, León i Portugál: aunque la lengua Portuguesa tiene tantas, i tales variedades en algunas palabras, i prononciaciones, que biẽ se puede llamar lengua de por sí: toda via no es apartada realmente de aquella, que io llamo vulgar, antes que son vuna mesma cosa, manaron de vuna mesma fuente, tienen en todo, i por todo vna mesma descendencia (apud. Mariño 1998: 146)

Neste estudo das referencias medievais ao noso romance galego, debemos ter en conta a carta do Marqués de Santillana a don Pedro de Portugal. Neste texto aparece a pasaxe *todas sus obras componían en lengua gallega o portuguesa*. Esta conxunción, como explica Mariño (1998: 148), non está claro se ten un valor explicativo (‘lingua chamada galega ou portuguesa’) ou distributivo (‘lingua chamada galega ou lingua chamada portuguesa’). Con todo, o padre Sarmiento (s.XVIII) considera que está a falar de dúas entidades distintas, de

linguas de dous reinos distintos. Nesta consideración por parte deste ilustre pensador pode verse como a división política inflúe considerablemente á hora de recoñecer estas variedades do occidente peninsular.

O máis antigo testemuño inequívoco da percepción do galego e o portugués como linguas distintas que hoxe coñecemos atopámolo no relato dos actos celebrados en 1572 polo traslado a Monterrei de don Alonso de Acevedo y Zúñiga. Aquí fálase de *lingua gallega y portuguesa*, entedidas indiscutiblemente como dúas linguas distintas (“linguas latina, grega, hebrea, española, italiana, gallega y portuguesa”, apud. Mariño 1998: 151)

Polo tanto, podemos ver como a conciencia de individualización do romance galego comeza a darse no século XIII, consolidándose a partir dos séculos XIV e XV. Doutra banda, a súa presentación inequívoca como lingua distinta da portuguesa rexístrase por primeira vez no século XVI. Porén, esta individualización non entraba en contraposición coa idea estendida ata o século XVIII de que existía na zona central e occidental da Península “un certo monolingüismo complexo (con variación diatópica interna) que autorizaba a falar indiscriminadamente de *lingua Yspanica*, *lingoajeẽ de Espana* ou de *lingua vulgar de España*, para referirse conxuntamente a variedades románicas como o galego, o portugués, o leonés e o castelán” (Mariño 1998: 149)

## **8. Conclusións**

Ao longo destas páxinas puidemos ver como a lingua é unha noción culturalmente dependente cuxa individualización e autorrecoñecemento se produce como consecuencia dunha serie de factores, a maioría extralingüísticos.

A implantación do latín na Península produciuse de forma diversa entre unhas zonas e outras. Dende os inicios da latinización, o sistema que se estableceu caracterizábase pola súa heteroxeneidade. A disparidade cronolóxica do establecemento romano favoreceu que as distintas variedades foran construíndo innovacións propias.

Desta maneira, cabe destacar o tardío e lento establecemento do poder romano no territorio do noroeste peninsular. Ademais, a variedade que se estendeu por *Gallaecia* foi aquela provinte da Bética, conservadora respecto ás innovacións que se desenvolvían no centro romano. Isto, xunto coa configuración social do pobo galaico, rural e pouco permeable

ás estruturas sociais romanas, permitiu que entrasen en xogo os distintos substratos e favoreceu a conformación dunha variedade dialectal propia.

As diverxencias entre as distintas variedades peninsulares do latín e, sobre todo, respecto á variedade culta vanse acentuando a medida que transcorre o Imperio Romano. Ao longo do mesmo prodúcese unha serie de cambios sociais que favorecen a fragmentación, tanto política como lingüística: divídese o territorio en dioceses, prodúcese unha menor estratificación social no ámbito militar, etc. Ademais, cara ó final da dominación romana ten lugar unha crise económica que supón a decadencia das cidades e do comercio, que funcionaban ata ese momento como vías de comunicación co centro de poder. Todos estes factores fomentan a dialectalización do latín, conformándose así unha variedade vulgar galaica con trazos propios e diferenciadores. Neste contexto, identifícase un contexto de endodiglosia funcional. O latín concíbese como un só sistema con distintas variedades. Así, o latín clásico é aquela que desempeña funcións de maior prestixio, mentres o latín vulgar galaico se emprega en contextos informais.

Tras a caída do Imperio, esta situación de dialectalización remárcase, a pesar de que a intercomprensión entre as variedades se seguira mantendo. A chegada das reformas impulsadas por Carlos Magno e Alcuíno de York, que conduciron á disposición tomada en Tours en 813 sobre o uso da "rusticam Romanam linguam" nas homilías e que teñen a súa consecuencia na Península no Concilio de Burgos de 1080, subliñan as diverxencias entre a variedade vernácula e a variedade clásica. Prodúcese cambios na pronuncia e ortografía do latín clásico que supoñen un maior afastamento da variedade falada e unha menor intercomprensión. Neste contexto comeza a callar a idea da variedade vernácula como un sistema illado e desvinculado do latín clásico. Identifícase polo tanto unha situación de exodiglosia. A individualización do romance como consecuencia do establecemento dun estándar latino afastado das variedade vernáculas supón a súa diversificación funcional e estilística, permitindo a súa entrada en contextos formais como a escrita.

A configuración de normas individualizantes para cada romance, consecuencia directa desta conciencia metalingüística, está vinculada a factores políticos. Así, prodúcese unha relación reino-lingua a pesar do multilingüísmo que caracteriza a Idade Media. A independencia de Portugal e a integración do reino galego na Coroa de Castela supoñen para o noso romance un distanciamento fronte á variedade portuguesa. Ademais, ao carecer de

chancelería autónoma, non se establece un estándar propio e, aínda que faltan estudos de detalle sobre este aspecto, só deberon de madurar certas *scriptae* de alcance xeográfico reducido. Isto resulta no polimorfismo nos textos e unha maior permeabilidade a castelanismos.

Esta conciencia individualizadora do romance galego fronte ao latín e outros romances rexístrase nas denominacións que se lles asignan. Deste xeito, no contexto de endodiglosia diferenciábanse as diferentes variedades vernáculas do latín engadindo un elemento restritivo que identificaba xeograficamente a variedade mentres que, tras a reforma carolinxia, que supón o recoñecemento do romance, se nomeaba estas variedades como *romanço* ou *linguagẽ*. Posteriormente, tras a fixación dos diferentes sistemas románicos, empregáronse nomes individualizantes (*linguagen galego*) que permiten distinguir a variedade galega fronte ao resto de variedades da Iberorromania (*lengua gallega y portuguesa*). Esta indentificación non se contrapón coa concepción do romance peninsular como unha única entidade con distintas variedades dialectais (*lingua Yspanica, lingoajeẽ de Espana* ou de *lengua vulgar de España*).

## Bibliografía

- BREA, Mercedes (2007). "Las lenguas románicas en la Edad Media". En Gargallo Gil José Enrique e Reina Bastardas, María (coords.). (2007) *Manual de lingüística románica*. Barcelona: Ariel, pp. 121-145.
- CANO, Ana (2007). "Del latín vulgar a los primeros romances. Aparición del romance en la escritura". En Gargallo Gil José Enrique e Reina Bastardas, María (coords.) (2007) *Manual de lingüística románica*. Barcelona: Ariel, pp. 81-121.
- CARDEIRA, Esperança (2005). *Entre o Português Antigo e o Português Clássico*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- CASTRO, Ivo (1991). *Curso de História da Língua Portuguesa*. Lisboa: Universidade Aberta.
- (2006). *Introdução à História do Português*. Lisboa: Edições Colibri.
- COSERIU, Eugenio (1981). "La lengua funcional". *Lecciones de lingüística general*. Madrid: Gredos. pp. 287-316.
- DÍAZ Y DÍAZ, Manuel C. (1960). "Antecedentes de la formación de las lenguas hispánicas: II. El latín de la Península Ibérica: 3. Dialectalismos". En M. Alvar et al. (dirs.), *Enciclopedia Lingüística Hispánica: I. Antecedentes. Onomástica*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, pp. 237-250.
- (1960). "Antecedentes de la formación de las lenguas hispánicas: II. El latín de la Península Ibérica: 1. Rasgos lingüísticos". En M. Alvar et al. (dirs.), *Enciclopedia Lingüística Hispánica: I. Antecedentes. Onomástica*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, pp. 153-197.
- (1983). "Sobre la implantación del latín en la sociedad galaico-romana". En G. Pereira Menaut (ed.), *Estudos de cultura castrexa e de historia antiga de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, pp. 283-293.
- (1993). "La latinización del Occidente". En *Galicia, da romanidade á xermanización: Problemas históricos e culturais. Actas do encontro científico en homenaxe a Fermín Bouza Brey (1901-1973) (Santiago de Compostela, 1992)*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudos Galegos «Padre Sarmiento» / Museo do Pobo Galego / Universidade de Santiago, pp. 405-413.
- DUBERT GARCÍA, Francisco (2017). "Sobre a Gallaecia Magna e as relacións históricas e xeolingüísticas entre galego, portugués e asturiano". *Estudis Romànics*, vol. 39, pp.43-69.

- ECHENIQUE ELIZONZO, María Teresa e SÁNCHEZ MÉNDEZ, Juan (2005) . *Las lenguas de un reino: historia lingüística hispánica*. Madrid: Gredos.
- FISHMAN, Joshua A. (1967). "Bilingualism with and without Diglossia; Diglossia with and without Bilingualism". *Journal of Social Issues*, 23, pp. 29-38.
- GIMENO MENÉNDEZ, Francisco (2004). "Situaciones sociolingüísticas dispares en el proceso de formación de las lenguas romances". *Aemilianense* I, pp. 171-223.
- HERMAN, József (1996). "Spoken and written Latin in the last centuries of the Roman Empire. A contribution to the linguistic history of the western provinces". En Wright, Roger (1996). *Latin and the romance languages in the early ages*, pp. 30-44.
- JANSON, Tose (1996). "Language change and metalinguistic change: Latin to Romance and other cases". En Wright, Roger (1996). *Latin and the romance languages in the early ages*, pp. 19-30.
- KLOSS, Heinz (1967). "Abstand Languages and Ausbau Languages". *Anthropological Linguistics*, Vol 9, 7 (Out., 1967). pp. 29-41.
- LLEAL, Coloma (1990). *La formación de las lenguas romances*. Barcelona: Barcanova.
- LLOYD, Paul M. (1996). "On the names of languages (and other things)". En Wright, Roger (1996). *Latin and the romance languages in the early ages*, pp. 9-19.
- MARIÑO PAZ, Ramón (1998). *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- e VARELA BARREIRO, Xavier (2010). "Linguas do Camiño en territorio ibérico durante a Idade Media". En E. Corral (ed.): *In marsupiis peregrinorum. Circulación de textos e imáxenes arredor del Camino de Santiago en la Edad Media* (Actas del Congreso Internacional, Santiago de Compostela, 24-28 marzo 2008). Firenze: Edizioni del Galuzzo – Sismel, pp. 59-82.
- MATTOS E SILVA, Rosa Virgínia (2008): *O Português Arcaico. Uma Aproximação*. 2 vols. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- MONTEAGUDO, Henrique (2017). *Historia social da lingua*. Vigo: Galaxia.
- PIEL, Joseph M. (1981). "Sobre a legitimidade do concepto de latinidade vulgar galaica". En Manuel C. Díaz y Díaz (ed.), *Primera Reunión Gallega de Estudos Clásicos (Santiago / Pontevedra, 1979): Ponencias y comunicaciones*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, pp. 253-258.

- PUENTES ROMAY, José Antonio (2007). "Latín e romance. Aspectos xerais". En Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), *Na nosa lyngoage galega: A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 95-113.
- SÁNCHEZ MÉNDEZ, Juan Pedro (2009). "Comunidades políticas e identidades lingüísticas en la Edad Media". En Bustos Tovar, José Jesús de, e Iglesias Recuero, Silvia (coords.) (2009). *Identidades sociales e identidades lingüísticas*. Madrid: Instituto universitario Menendez Pidal, pp. 159-191.
- (2012). "Introducción: La emergencia y consolidación de los romances hispánicos medievales en la escritura". En Juan Pedro Sánchez Méndez (ed.), *Oralidad y escritura en la Edad Media hispánica*. Valencia: Université de Neuchâtel / Tirant Humanidades, pp. 21-52.
- SILVA DOMÍNGUEZ, Carne (1998). "Galego, romanço, nossa linguagê: o nome da lingua na prosa medieval de creación". *Verba*, vol. 25, pp. 325-343.
- TEYSSIER, Paul (1984). *História da lingua portuguesa* (trad. Celso Cunha). Lisboa: Sá da Costa.
- VARVARO, Alberto (1996). "Latin and Romance: fragmentation or restructuring?". En Wright, Roger (1996). *Latin and the romance languages in the early ages*, pp. 44-68.
- VENÂNCIO, Fernando (2021). *Así naceu unha lingua. Sobre as orixes do portugués* (trad. Elías González López). Vigo: Galaxia.
- WRIGHT, Roger (1989). *Latín tardío y romance temprano en España y la Francia carolingia*. Madrid: Gredos.
- (1993): "Los cambios metalingüísticos medievales". En G. Hilty (ed.): *Actes du XXe Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes (Université de Zurich 6-11 avril 1992)*. Tübingen und Basel: A. Francke Verlag, vol. 2, pp. 607-620.
- (1996). *Latin and the romance languages in the early ages*. Pensilvania: The Pennsylvania University Press.
- (1997). "Linguistic standardization in the Middle Ages in the Iberian Peninsula: advantages and disadvantages". En S. Gregory e D. A. Trotter (eds): *De mot en mot. Aspects of Medieval Linguistics. Essays in honor of William Rothwell*. Cardiff: The University of Wales Press, pp. 261-275.